

exp. 2022/E001/000011

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RECTIFICACION ERRO MATERIAL LISTAXE PROVISIONAL PARA A PROVISIÓN POR CONCURSO-OPOSICION DE 1 PRAZA DE EDUCADOR/A INFANTIL FUNCIONARIO/A PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE MELIDE A MEDIA XORNADA.

EXPEDIENTE:2022/E001/000011

ANTECEDENTES:

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 490/2022, publicado na sede electrónica e na páxina web do Concello en data 07/09/22, polo que se resolveu aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a provisión por concurso-oposición de 1 praza de educador/a infantil funcionario/a para a escola infantil municipal do concello de melide a media xornada.

Logo de ver que, con posterioridade, detectouse polo Rexistro Municipal que, por erro, non se incorporou á instancia presentada, con data 31.08.22, por Tania Fisteus Sesto, toda a documentación que achegou xunto con aquela e cuxa falta determinou a súa exclusión provisional como candidata.

Logo de verificar dita documentación, unha vez anexada na data de hoxe á instancia presentada en data 31.08.22 por Tania Fisteus Sesto, compróbase que se achega a documentación esixida nas bases sobre requisitos e méritos de admisión, polo que se produciu un erro ao incorporarse a dita aspirante entre os candidatos/as provisionalmente excluídos/as posto que, como resulta da documentación que obra no expediente, debe estar incluída entre os aspirantes admitidos/as.

Trátase dun erro material advertido de oficio polo que, de conformidade co establecido no art. 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pode rectificarse en calquera momento.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

Primeiro.- Rectificar o erro material advertido na listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, no sentido de incorporar a Tania Fisteus Sesto como aspirante admitida.

Segundo.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, xoves 8 de setembro de 2022. Asdo: O alcalde / José Antonio Prado García. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.